

Acta da Comisión Permanente do día 18 de febreiro de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 18/02/2022
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 18/02/2022
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 11 horas na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 30 de novembro de 2021 e extraordinarias celebradas os días 13 e 20 de xaneiro de 2022.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das sesións anteriores.

2. **Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.**

A Presidenta cede a palabra a María Araújo, coordinadora do GERME, quen sinala que se achegaron 6 solicitudes (1 do GERME e 5 do GEE). Comenta a proposta de organización de sesións e tribunais para o 24 de febreiro (ANEXO III) e sinala que un alumno está pendente de cumprir requisitos, pero que se espera que os cumpra. Proponse delegar na dirección a composición definitiva dos tribunais xa que aínda está pendente a confirmación dun dos seus compoñentes.

Teresa Rivas pregunta se habería posibilidade de incluír unha muller no tribunal de GEE. María Araújo responde que é moi difícil mantendo a adecuación das áreas dos seus compoñentes ás temáticas dos traballos. Teresa Rivas precisa que soamente pide que se teña en conta esa posibilidade á hora de propor o tribunal e telo claro por si houbera que xustificalo; engade que está de acordo en que o principal é cubrir o obxectivo de que o tribunal sexa adecuado. A Presidenta recolle a suxestión cara á configuración dos próximos tribunais.

Apróbase por asentimento a proposta de configuración dos tribunais; cando sexa definitiva publicarase na web.

3. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

4. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2021/2022.

A Presidenta comenta as solicitudes achegadas e sinala que hai tres saídas especiais, que se corresponden ás viaxes de estudos do máster e do grao e a unha viaxe para o alumnado de segundo dos graos. Tamén indica que hai varias datas pendentes de concretar.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1	Xeoloxía	Grao ERME	Xeoparque UNESCO Montañas do Courel (Lugo)	20	.../.../2022
2	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	Grao ERME	Proxecto de investigación mineira en Galicia, por determinar/03/2022
3	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	Grao ERME	Obra ou instalación xeotérmica por determinar/03/2022
4	Rochas Industriais e Ornamentais - Loxística e Servicios Mineiros – Enxeñaría de explosivos (M)	Grao ERME / Máster Enxeñaría de Minas	O Porriño (Pontevedra)	10	15/03/2022
5	Todas as do Grao EE e do Grao ERME	Grao EE / Grao ERME	Meirama (A Coruña)	35	21/04/2022
6	Todas as de 3º e 4º do Grao EE e do Grao ERME	Grao EE / Grao ERME	Oviedo (Asturias)	25	25/04/2022
7	Enxeñaría de minerais e materiais	Máster Enxeñaría de Minas	Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	7	26/04/2022
8	Instalacións de enerxías renovables	Grao EE	San Ciprián das Viñas (Ourense)	19	26/04/2022
9	Enxeñaría de minerais e materiais	Máster Enxeñaría de Minas	Padrón (A Coruña)	7	02/05/2022
10	Enxeñaría mineira	Máster Enxeñaría de Minas	Meirama + Vimianzo (A Coruña)	4	10/05/2022
11	Todas as do Máster en Enxeñaría de Minas	Máster Enxeñaría de Minas	Itinerario por diversas provincias	20	13/06/2022

Alejandro Casal comenta que hai moi poucas para o Grao EE. A Presidenta di que está de acordo e sinala que ese foi o xerme para lanzar a visita xeral para o alumnado de segundo das dúas titulacións.

Apróbase por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o segundo cuadrimestre do curso académico 2021/2022.

5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 18 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dezaioito de febreiro de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace
A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 18/02/2022

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 18/02/2022

Asistentes á Comisión Permanente do 18 de febreiro de 2022
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Fernando García Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
M ^a del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
Estudantes
Carmen Alonso Pérez
Alejandro Casal Barreiro
Iago Cuñado Juncal
Santiago Domínguez Blanco
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

ANEXO III

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira
convocatoria**